

# PROPOSTA DE ACTIVIDADES

**Asemblea:** hoxe comezamos as vacacións de Pascua polo que vos aconsello continuar traballando os calendarios durante todos estes días. Ademais tedes unha ficha para imprimir no outro documento, onde @s nen@s teñen que escribir o nome de todos os seus compañeiros da escola.

O NOME DOS MEUS COMPAÑEIROS


	<input type="text"/>
	<input type="text"/>
	<input type="text"/>
	<input type="text"/>

	<input type="text"/>
	<input type="text"/>
	<input type="text"/>
	<input type="text"/>
	<input type="text"/>



**Lóxica- matemática:** para seguir traballando estas vacacións, deixei vos un xogo (nun arquivo adxunto) para gozar todos xuntos en familia estes días. É o xogo da oca de Educación Física, pero tedes que adaptalo un pouco á idade d@s nen@s (se tedes calquera outro xogo na casa tamén podeades xogar)



**Lectoescritura:** imprimimos o abecedario que está no outro documento e despois recortamos nun folleto marcas de alimentos ou produtos que comezan por cada letra.




**Manualidade:** xa está a piques de chegar o coello de pascua cos ovos de chocolate. Propóñovos facer unha caixiña para gardar os ovos (deixo os modelos para imprimir no outro documento).



**Motricidade fina:** para favorecer o bo desenvolvemento da motricidade hoxe imos inserir pompóns desde unha bandexa ou bote a unha pequena caixiña cun buraco (que podemos facer cun cartón de leite baleiro) con pinzas de xeo ou similares.





**Conto:** para rematar, a miña proposta de hoxe é mirar o conto do “Monstruo de Cores do coronavirus” (<https://youtu.be/lCo4dXTiTzc>). Ao rematar podedes escribir o título do conto e facer un debuxo (deixo as fichas no outro documento).